

**Resolución do 28 de novembro do 2023, da Dirección Xeral da Corporación RTVG, pola que se modifica, en execución de sentenza, a Resolución do 29 de decembro do 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación (Anuncio DOG nº 248 do 30 de decembro).**

Con data 23 de novembro do 2021, o Xulgado do Social nº4 de Santiago de Compostela ditou sentenza, no procedemento por despedimento nº 438/2021, seguido a instancia de Delia María Corujo González contra a Corporación RTVG determinando, entre outros pronunciamentos, a improcedencia do despedimento.

A sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en data 12 de maio do 2022, mediante sentenza ditada en suplicación determinou a nulidade da extinción contractual de Delia María Corujo González e instou a inmediata readmisión como persoal laboral fixo da demandante. Esta sentenza é firme.

A demandante ocupa unha praza da categoría de redactor/a co código de praza 13T153.

A Resolución de convocatoria do proceso excepcional de estabilización que se cita na cabeceira incluía como praza afectada pola convocatoria, no seu anexo I relativo aos códigos de prazas afectados, o 13T153 da categoría de redactor/a, que ocupa a interesada.

A resolución de convocatoria establece na súa base I.1.2. o seguinte: *“En virtude do disposto no apartado 5 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, como resultado deste proceso non poderá derivarse en ningún caso un incremento do gasto nin de efectivos e só se poden ofertar prazas de natureza estrutural que estean desempeñadas por persoal con vinculación temporal. Como consecuencia, a adquisición de firmeza dunha sentenza executable, que declare a relación laboral fixa dunha persoa que ocupe unha praza incluída no Anexo I destas bases, implicará a inmediata retirada do proceso selectivo da praza afectada. Consonte co anterior diminuírase o número de prazas na categoría correspondente para cumprir co establecido no mencionado artigo 5.2.”*

Por todo o que antecede, en virtude do establecido nas resolucións xudiciais que se citan a Dirección Xeral da Corporación RTVG RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Modificar a Resolución do 29 de decembro do 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación, no seguinte sentido:



-Retirar do anexo I o código de praza 13T153 na categoría de redactor/a

- Modificar o anexo II, relativo ao número de prazas e titulacións, de xeito que a categoría de redactor/a pasará a contar cun total de 81 prazas, sendo o total de prazas convocadas 254.

**SEGUNDO.-** Esta Resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugna-la directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

San Marcos, 28 de novembro do 2023

O Director Xeral da Corporación RTVG

  
 CORPORAÇÃO  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo